

Axudas de produción

~~ARTISTAS~~ 2015

Bases da convocatoria

A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e a Fundación MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, convocan unha axuda de produción para a realización dunha exposición individual no Anexo no ano 2016. Esta convocatoria enmárcase no proxecto de visibilización **ARTISTAS** que a Unidade de Igualdade vén desenvolvendo dende o ano 2011 co obxectivo de apoiar ás alumnas que inician a súa andaina no campo da arte, facilitando a súa incorporación ao espazo artístico profesional.

UNIDADE DE IGUALDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo constitúe o instrumento político responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

A Unidade créase por acordo do Consello de Goberno, en xullo de 2006, e ten encomendada a tarefa de promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións á investigación e aos estudos universitarios, ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, así como realizar o seguimento do desenvolvemento e cumprimento da lexislación e dos plans e medidas que se adopten na materia.

MARCO, MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

O MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, centro de arte creado para a difusión de propostas culturais contemporáneas, basea a súa identidade no dinamismo da súa programación e no seu espírito participativo. A actividade principal, en torno á cal se articula o resto da programación, son as exposicións temporais dedicadas á produción artística recente nos seus máis variados campos creativos. O MARCO realiza exposicións colectivas e individuais na súa maioría de produción propia. No seu compromiso de achegamento á cidadanía e de fomento de hábitos de consumo cultural, o programa educativo do MARCO é parte esencial do día a día do centro, integrándose plenamente nas diferentes propostas museísticas.

A Fundación MARCO está formada polo Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, organismos que achegan fondos para o desenvolvemento das actividades do centro.

OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

O obxectivo desta convocatoria é outorgar unha axuda de produción para a realización dunha exposición individual no Anexo do MARCO de Vigo (sala de proxectos inaugurada en 2015 e situada no vestíbulo principal).

Poderán presentar un proxecto expositivo as alumnas da Universidade de Vigo graduadas en Belas Artes, posgraduadas no Mestrado en Arte Contemporánea. Creación e Investigación ou matriculadas en calquera programa de doutoramento, no curso 2014/2015.

O proxecto gañador será exhibido no ano 2016 dentro da programación do Anexo do MARCO.

REQUISITOS

A produción do proxecto terá unha dotación de 4.000€ brutos —sometida ao IRPF e demais impostos de acordo coa lexislación vixente— previa aprobación do proxecto seleccionado e incluíndo os honorarios da artista.

O MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, porá a disposición da alumna concesionaria da axuda os equipos técnicos e elementos de montaxe necesarios para mostrar o seu traballo durante a exposición, sen que estes teñan que ser contemplados no orzamento de produción.

Os proxectos presentados deberán ser orixinais, inéditos e específicos para o Anexo do MARCO. Achéganse nesta convocatoria unha fotografía do espazo e planos coas medidas correspondentes.

A autora do proxecto seleccionado cederá ao MARCO os dereitos de comunicación pública durante o período de exposición e os de difusión da obra con fins promocionais e para a incorporación á web, á mediateca e ao arquivo do MARCO para fins didácticos e de investigación.

A selección do proxecto gañador correrá a cargo dun xurado integrado por Mar Caldas e Almudena Fdez. Fariña como representantes da Universidade de Vigo, Agar Ledo Arias e Iñaki Martínez Antelo como representantes do MARCO, e a comisaria responsable da programación do Anexo en 2016. A decisión do xurado será inapelable.

PRESENTACIÓN

Deberá presentarse a seguinte documentación **en formato impreso**:

- Título do proxecto. Descrición e xustificación do proxecto (máximo 1.000 palabras).
 - Requirimentos técnicos do proxecto (formato listaxe).
 - Imaxes do proxecto, planos, maquetas —reais ou virtuais— ou calquera outra documentación que facilite a súa comprensión.
 - Bosquexo do deseño expositivo.
 - CV da artista (máximo 300 palabras).
 - Dossier impreso co traballo anterior da artista.
 - Orzamento estimado do proxecto.
-

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os proxectos serán valorados polo xurado segundo os seguintes criterios:

- Valor artístico e cultural dos proxectos presentados.
 - Viabilidade de realización en función dos prazos e do orzamento.
 - Viabilidade técnica da proposta en canto á súa execución.
-

PRAZO

O prazo para o envío da documentación remata o 1 de setembro de 2015. A documentación recibida despois desa data non será valorada.

A documentación deberá enviarse a:
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Axuda de produción ARTISTAS 2015
R/ Príncipe 54
36202 Vigo

Os resultados desta convocatoria serán anunciados na web do MARCO (www.marcovigo.com), na web da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (Universidade de Vigo_Unidade de Igualdade) e mediante comunicado aos medios de comunicación. A exposición terá lugar ao longo do ano 2016 en datas que serán confirmadas unha vez sexa concedida a axuda de produción.

INFORMACIÓN E CONSULTAS

Para calquera información adicional ou consultas sobre a convocatoria:
info@marcovigo.com

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das presentes bases.